



Concello de Cangas

**Expediente núm. :** 3307/2020

**Procedemento:** Plan de Emprego Municipal para paliar as consecuencias derivadas da pandemia do COVID-19.

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a proposta de Plan de Emprego Municipal para paliar as consecuencias derivadas da pandemia COVID-19 efectuada pola Concelleira de Desenvolvemento Económico, Emprego, Mar e Rural, de inicio de expediente para a contratación de persoas desempregadas.

Visto que figura incorporada ao expediente a valoración das prazas para a contratación de persoas desempregadas dentro do Plan de Emprego 2020 COVID-19.

Vista a providencia de Alcaldía de inicio de expediente de 23/07/2020 dirixido á aprobación da convocatoria e bases do proceso selectivo.

Visto que segundo o disposto na base primeira as contratacións responden a necesidades de persoal urxentes e inaprazables para paliar as consecuencias derivadas da pandemia orixinada pola COVID-19, e que o réxime de contratación e retribucións será o dun contrato laboral temporal por circunstancias da produción por un período de 4 meses; tendo en conta que a duración do contrato non excederá do 31 de decembro de 2020. A fin de respectar e dar cumprimento ao establecido na lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público artigo 3.1.d) "*Racionalización y agilidad de los procedimientos administrativos y de las actividades materiales de gestión*", isto obriga a aprobar a convocatoria e as bases do proceso de selección sen que caiba agardar para a súa aprobación á vindeira Xunta de Goberno Local procedendo a súa aprobación avogando a competencia previamente delegada por resolución desta Alcaldía en virtude do Decreto 1135-2019 de 17 de xullo de 2019.

Visto que figura no expediente documento xustificativo de existencia de crédito para acometer as contratacións coa retención de crédito que se fixo polo departamento de Intervención.

Vistos os informes de Secretaría de 05/08/2020 e de Intervención de 10/08/2020 incorporados ao expediente e respecto ás observacións realizadas nos mesmos cómpre significar que as contratacións que se pretenden acometer tal como se sinala nas bases "*responden a necesidades de persoal urxentes e inaprazables para atender a necesidade de reforzo en determinados departamentos municipais para acometer de xeito temporal e non estrutural a acumulación de traballo ao que se están a ver sometidos por mor da paralización da actividade consecuencia da declaración do estado de alarma*"; así mesmo, ao abeiro do artigos 19.2 da Lei 6/2018 de 3 de xullo de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 (prorrogados ata o ano 2020) e 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, permítese a contratación de persoal laboral de xeito temporal en circunstancias de excepcionalidade como a que está a acontecer actualmente.

Así mesmo con respecto ás observacións que se fan pola Intervención á contía e estrutura das retribucións cómpre sinalar que figuran incorporados ao expediente, o informe de valoración do Servizo de Intervención no que se fai referencia ao mantemento dos cálculos e categorías que xa figuraban no Plan Concellos 2020 e que "*o resto obtense de postos similares*", e a Retención de Crédito emitida tamén pola Intervención municipal, con fondos propios para facer fronte á contratación de persoal por un período de 4 meses.

Sen prexuízo do anterior cómpre recordar o carácter de Concello Turístico do Concello de Cangas e que todas as prazas que se convocan están destinadas a permitir a viabilidade dos servizos que se prestan á cidadanía tendo en conta que nos atopamos na tempada estival,

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AP2AR6D6VDJX9KL4XP44SE3P | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 11



## Concello de Cangas

período no que Cangas está sometido a un notorio aumento de poboación, o que unido á suspensión dos prazos administrativos dende o 14 de marzo e ata o seu reinicio o 1 de xuño, que supuxo a acumulación de traballo administrativo e que determinadas actividades se visen atrasadas na súa programación anual. Tendo en conta ademais a situación económica que estamos a padecer causante dun aumento das cifras de desemprego, situacións de risco social e a incerteza a curto prazo da evolución da pandemia cos rebrotes que se están a producir no país, é preciso efectuar a contratación de 3 auxiliares administrativos e 4 conserxes, 2 operarios de servizos múltiples, 3 peóns de obras, 1 oficial de obra e 1 fontaneiro para manter en óptimas condicións as estradas municipais, o servizo de limpeza viaria, tarefas de roza, mantemento e acondicionamento de instalacións municipais coa instalación dos equipos precisos para garantir a saúde dos empregados municipais e dar cumprimento ao establecido nas sucesivas disposicións legais que están a rexer a situación orixinada pola pandemia, e os postos de traballador social e orientador laboral para tratar de paliar as situacións de desemprego no Concello de Cangas consecuencia do virus.

Por outra banda e respecto á esixencia de determinados requisitos formais aos que se fai referencia no Informe de Secretaría cómpre sinalar que se trata de requisitos predeterminados normativamente respecto á selección de funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, pero non para os supostos de convocatorias para seleccionar persoal laboral temporal. Débese recordar a necesidade de observar na selección deste tipo de persoal procedementos áxiles que respectarán en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrencia. Entendendo igualmente que se propoñen exercicios prácticos e non teóricos, polo que se dá cumprimento ao disposto no artigo 8 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o Procedemento de Selección dos funcionarios de administración local.

Tomando en consideración o que antecede en exercicio das competencias que outorga a esta Alcaldía a lexislación vixente

### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Levantar o reparo suspensivo de Intervención en base á motivación exposta.

**SEGUNDO:** Aprobar, avogando a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por Decreto de Alcaldía 1135-2029 de 17 de xullo de 2019 as bases para a selección e posterior contratación ao abeiro da Providencia de Alcaldía de Inicio de expediente de 23/07/2020, bases que literalmente din:

### **“BASES PARA A SELECCIÓN DE 18 TRABALLADORES AO ABEIRO DO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL PARA PALIAR AS CONSECUENCIAS DERIVADAS DA PANDEMIA DA COVID 19.**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN.**

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación ao abeiro da Plan de Emprego Municipal para paliar as consecuencias derivadas da pandemia da COVID-19 de 18 traballadores distribuídos do xeito que a continuación se pormenoriza:

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AP2ARRD6VDJX9KL4XP44SE3P | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 11



**Concello de Cangas**

3 AUXILIARES ADMINISTRATIVOS

1 TRABALLADOR SOCIAL

4 CONSERXES

2 OPERARIOS DE SERVIZOS MÚLTIPLES

3 PEÓNS DE OBRA

1 OFICIAL DE OBRA

1 FONTANEIRO

1 ORIENTADOR/A LABORAL

1 PEÓN DE LIMPEZA EDIFICIOS PÚBLICOS

1 PEÓN DE LIMPEZA VIARIA

As contratacións obxecto de subvención responden a necesidades de persoal urxentes e inaprazables para atender a necesidade de reforzo en determinados departamentos municipais para acometer de xeito temporal e non estrutural a acumulación de traballo ao que se están a ver sometidos por mor da paralización da actividade consecuencia da declaración do estado de alarma e os cambios derivados do acceso ao estado de “nova normalidade” no que nos atopamos tratando de paliar o aumento das cifras de desemprego no Concello de Cangas derivadas da pandemia da COVID-19.

Respecto ao réxime de contratación e retribucións será o de un contrato laboral temporal, por circunstancias da produción (modelo 402) e coas percepcións que resultan da valoración que figura incorporada ao expediente para cada unha das categorías, por un período de catro meses a contar dende a data da sinatura do contrato, se ben este tempo poderá ser reducido de tal xeito que a duración do contrato non exceda do 31 de decembro de 2020.

O sistema de selección será o de oposición.

## **SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES.**

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso de selección será necesario que os aspirantes reúnan as seguintes condicións:

- A) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, consonte ao disposto no artigo 52 da lei 5/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- B) Contar coas titulacións que a continuación se indican en función das prazas advertindo que as restantes prazas non requiren titulación académica específica ((DA 7ª TREBEP) :
  - Auxiliar Administrativo: ciclo medio de xestión administrativa ou equivalente, ou

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AP2ARRD6VDJX9KL4XP44SE3P | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 11



## Concello de Cangas

titulacións de Formación Profesional de nivel superior da mesma rama administrativa.

- Traballador Social: Diplomatura universitaria en Traballo Social, Grao en Traballo Social ou equivalente.
- Orientador Laboral: título de de diplomado/a ou título de grao en relacións laborais, Empresariais ou graduado/graduada social.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro se deberá estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que o acredite, no seu caso, a homologación.

- C) Non ter sido despedido/despida mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría á cal se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida no estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- D) Ter feitos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- E) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- F) Ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego, sendo remitidos por este servizo para participar neste proceso selectivo (As instancias de persoas que non sexan remitidas polo servizo público de emprego en base a oferta formulada polo Concello de Cangas serán inadmitidas a trámite).

Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes tanto no momento da selección como no da formalización do preceptivo contrato laboral.

### **TERCEIRA.- SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN E ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

O Concello de Cangas, terá solicitado os traballadores e traballadoras desempregados acordes ao perfil a seleccionar mediante presentación de oferta de emprego na oficina de emprego.

Esta oficina realizará unha sondaxe de demandantes que cumpran as condicións anteriormente citadas aos que se lles comunicará a existencia desta oferta de emprego para que poidan concorrer á mesma.

O Concello de Cangas resérvase o dereito a solicitar sondaxes complementarias á oficina de emprego no caso de que non se acade un *ratio* mínimo de dous candidatos interesados por posto a seleccionar.

Os/as candidatos/as remitidos polos servizos públicos de emprego deberán presentarse para

---

### **Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





## Concello de Cangas

formalizar a súa instancia de participación e recibir e recibir información sobre o desenvolvemento do proceso selectivo no día, hora e lugar que se lles indique na comunicación que reciban dende a Oficina Pública de Emprego.

As persoas aspirantes remitidas pola Oficina de Emprego que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán formalizar a súa solicitude no modelo de instancia que se lles facilitará polo Concello. Os aspirantes que formalicen a súa solicitude de participación constituirán o listado de admitidos para participar no proceso selectivo.

Este modelo de instancia inclúe o modelo de declaración polo que se fai constar expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos na base segunda, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o Negociado de Persoal do Concello ou o tribunal de selección.

Coas instancias cumprimentadas e entregadas polos aspirantes remitidos pola Oficina de Emprego se aprobará pola Presidencia da Corporación a lista provisional de admitidos/admitidas e excluídos/excluídas, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no taboleiro de anuncios deste Concello. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoa ou desestimándoa o que se fará público, igualmente no taboleiro de anuncios do Concello no prazo de 5 días hábiles do remate do prazo anterior. O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva. Igualmente en calquera momento do proceso de selección poderá excluírse a calquera aspirante de comprobarse que non reúne os requisitos establecidos na convocatoria.

### **CUARTA.- DATA, HORA E LUGAR DE EXAME.**

A resolución pola que se publique o listado de admitidos, será publicada no taboleiro de anuncios municipal e na páxina web do Concello e incluirá a convocatoria para os chamamentos da primeira proba de cada categoría con data, hora e lugar no que se desenvolverán as probas.

### **QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AP2AR6D6VDJX9KL4XP44SE3P | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 11



## Concello de Cangas

Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do Tribunal cando nos mesmos conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de Outubro de Réxime xurídico do sector público.

A composición efectiva do tribunal farase pública no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a presta-la súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

### **SEXTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.**

O sistema de selección será o de oposición.

### **SÉTIMA.- FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA.**

A selección desenvolverase de acordo co seguinte esquema:

#### **PROBA DE OPOSICIÓN.**

A oposición constará de dúas partes:

##### **1.- PROBA DE COÑECEMENTOS PROFESIONAIS:**

Proba obrigatoria e eliminatoria que se puntuará cun máximo de 98 puntos sendo preciso acadar cando menos 49 puntos para entender superada esta fase e non quedar eliminado/a do proceso de selección, e consistirá:

1.1.- Na selección da praza de **auxiliar administrativo** : se realizará un test escrito de 20 preguntas e 5 preguntas reserva que versará sobre ofimática, xestión administrativa e procedemento administrativo no ámbito local (Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local), nun tempo máximo de 40 minutos sendo seleccionada a persoa que acade a puntuación máxima.

Este exercicio será redactado en galego debendo aquelas persoas que queiran realizalo en castelán facelo saber na instancia de participación que presenten.

##### 1.2.- Na selección da praza de **traballador/a social**:

Consistirá na realización dun exame tipo test de 20 preguntas relacionadas co temario adxunto,

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AP2AR6D6VDJX9KL4XP44SE3P | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 11



## Concello de Cangas

a realizar no día, hora e lugar que se indique na resolución pola que se publique o listado provisional de admitidos e excluídos. Este exercicio terá unha duración máxima de 40 minutos, O exame conterà cinco preguntas adicionais como reserva para o caso de anulación dalgunha das preguntas do exame e que tamén servirán para resolver os posibles empates na puntuación final do xeito que máis adiante se reflicte.

A proba de coñecementos prácticos desenvolverase de acordo co seguinte temario:

### TEMARIO

TEMA 1.- A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA DE 1978. A ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DO ESTADO. O ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA. PRINCIPIOS XERAIS E ANÁLISE DO SEU CONTIDO.

TEMA 2.-. O CONCEPTO DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. A ADMINISTRACIÓN LOCAL. O MUNICIPIO: CONCEPTO, ELEMENTOS E ORGANIZACIÓN MUNICIPAL (O ALCALDE, O PLENO, A XUNTA DE GOBERNO LOCAL E AS COMISIÓNS INFORMATIVAS). LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DO RÉXIME LOCAL

TEMA 3.- O ACTO ADMINISTRATIVO. CONCEPTO. REQUISITOS: MOTIVACIÓN E FORMA. A EFICACIA. A NOTIFICACIÓN.

TEMA 4.- O PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO; INICIACIÓN. ORDENACIÓN E INSTRUCIÓN. A TERMINACIÓN; A OBRIGA DE RESOLVER. A FALTA DE RESOLUCIÓN EXPRESA: O RÉXIME DO SILENCIO ADMINISTRATIVO. A ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.

TEMA 5.- PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA: EFICACIA, XERARQUÍA, DESCENTRALIZACIÓN, DESCONCENTRACIÓN E COORDINACIÓN. SOMETEMENTO DA ADMINISTRACIÓN Á LEI E AO DEREITO.

TEMA 6.- LEI 13/2008, DE 3 DE DECEMBRO, DE SERVIZOS SOCIAIS DE GALICIA: PRINCIPIOS XERAIS.OS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS EN GALICIA E O SEU FINANCIAMENTO. LEI 10/2013, DE 27 DE NOVEMBRO, DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA.

TEMA 7.- O TRABALLO SOCIAL: CONCEPTO, FUNCIÓNS E NIVEIS DE INTERVENCIÓN, FUNDAMENTOS E PRINCIPIOS. O PROCESO METODOLÓXICO NO TRABALLO SOCIAL. RECURSOS TÉCNICOS DE TRABALLO SOCIAL (TÉCNICAS, INSTRUMENTOS, SOPORTES DOCUMENTAIS E INFORMÁTICOS). ÉTICA PROFESIONAL E CÓDIGO DEONTOLÓXICO DO TRABALLO SOCIAL.

TEMA 8.- A POBOACIÓN INMIGRANTE. LEI ORGÁNICA 8/2000, DE 22 DE DECEMBRO, DE REFORMA DA LEI ORGÁNICA 4/2000, DO 11 DE XANEIRO, SOBRE DEREITOS E LIBERDADES DOS ESTRANXEIROS EN ESPAÑA E A SÚA INTEGRACIÓN SOCIAL: REAGRUPAMENTO FAMILIAR E ARRAIGO.

MULLER: CIM, PROGRAMAS E AXUDAS AS MULLERES VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO EN GALICIA.

TEMA 9.- AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE: NORMATIVA, VALORACIÓN, RECURSOS. DEPENDENCIA: LEI 39/2006, DE 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DE AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA.

---

## Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AP2ARRD6VDJX9KL4XP44SE3P | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 11



Concello de Cangas

PROCEDEMENTO PARA O RECOÑECIMENTO, CATALOGO DE SERVIZOS DO SAAD E PRESTACIÓNS.

TEMA 10.- MAIORES: RECURSOS E PROGRAMAS. FAMILIA, INFANCIA E ADOLESCENCIA: PAPEL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN PRIMARIA. ABSENTISMO ESCOLAR. O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF): NORMATIVA, COORDINACIÓN E FUNCIONAMENTO.

1.3- Na selección da praza de **orientador/a laboral**:

Consistirá na realización dun exame tipo test de 20 preguntas relacionadas co temario adxunto, a realizar no día, hora e lugar que se indique na resolución pola que se publique o listado provisional de admitidos e excluídos. Este exercicio terá unha duración máxima de 40 minutos, O exame conterà cinco preguntas adicionais como reserva para o caso de anulación dalgunha das preguntas do exame e que tamén servirán para resolver os posibles empates na puntuación final do xeito que máis adiante se reflicte.

A proba de coñecementos prácticos desenvolverase de acordo co seguinte temario:

TEMARIO

TEMA 1.- A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA DE 1978. A ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DO ESTADO. O ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA. PRINCIPIOS XERAIS E ANÁLISE DO SEU CONTIDO.

TEMA 2.-. O CONCEPTO DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. A ADMINISTRACIÓN LOCAL. O MUNICIPIO: CONCEPTO, ELEMENTOS E ORGANIZACIÓN MUNICIPAL (O ALCALDE, O PLENO, A XUNTA DE GOBERNO LOCAL E AS COMISIÓNS INFORMATIVAS). LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DO RÉXIME LOCAL

TEMA 3.- O ACTO ADMINISTRATIVO. CONCEPTO. REQUISITOS: MOTIVACIÓN E FORMA. A EFICACIA. A NOTIFICACIÓN.

TEMA 4.- O PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO; INICIACIÓN. ORDENACIÓN E INSTRUCIÓN. A TERMINACIÓN; A OBRIGA DE RESOLVER. A FALTA DE RESOLUCIÓN EXPRESA: O RÉXIME DO SILENCIO ADMINISTRATIVO. A ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.

TEMA 5.- PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA: EFICACIA, XERARQUÍA, DESCENTRALIZACIÓN, DESCONCENTRACIÓN E COORDINACIÓN. SOMETEMENTO DA ADMINISTRACIÓN Á LEI E AO DEREITO.

TEMA 6.- OS EMPREGADOS PÚBLICOS. LEI 2/2015, DO 29 DE ABRIL DO EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA.

TEMA 7.- RELACIÓNS LABORAIS E MERCADO LABORAL. O ESTATUTO DOS TRABALLADORES. MODALIDADES CONTRACTUAIS.

TEMA 8.- NORMATIVA EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS. LEI 31/1995, DE 8 DE NOVEMBRO.

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AP2ARRD6VDJX9KL4XP44SE3P | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 11





**Concello de Cangas**

TEMA 9.- REAL DECRETO LEGISLATIVO 3/2015, DE 23 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE EMPREGO.

TEMA 10.- A DEMANDA DE EMPREGO. INSCRICIÓN, CONCEPTO E TIPOLOXÍA. SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DA DEMANDA. CONCEPTO E CLASIFICACIÓN DAS OCUPACIÓNS. A OFERTA DE EMPREGO.

**1.4. No resto das prazas:**

A proba de coñecementos consistirá na execución dun exercicio práctico e/ou a resposta a unha serie de preguntas que formulará o Tribunal por escrito ou oralmente relativos ás técnicas de traballo, uso de medios técnicos, ferramentas e/ou vehículos (no seu caso) propios dos diferentes tipos de posto en cada servizo. Para as prazas de conserxe o exercicio prácticos e/ou preguntas poderán versar ademais sobre a situación das dependencias municipais e funcións que se desenvolven nas mesmas.

**2.- PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.**

Proba non eliminatória que se puntuará cun máximo de 2 puntos.

Ao remate da proba de coñecementos profesionais o Tribunal formulará unha serie de preguntas orais ou escritas ou proporá un exercicio de tradución dun texto dun mínimo de 5 liñas polos que se determinará o coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes. Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten ao Tribunal antes da realización da proba a posesión do CELGA axeitado en función da titulación requirida para o acceso ás probas recibindo neste caso 2 puntos.

A puntuación máxima total das probas de oposición será de 100 puntos.

Todos/as os/as candidatos/as que concorran á realización da proba, deberán ir provistos/as do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún deste documentos, non se lle permitirá a realización da proba.

Os/as aspirantes serán chamados/as para a realización das probas na data, hora e lugar indicados nun único chamamento, quedando excluídos/as do proceso os/as que non comparezan. O Tribunal en función dos aspirantes presentados distribuirá o inicio da realización das respectivas probas.

Os/as aspirantes deberán vir provistos de bolígrafo para a realización dos exercicios escritos.

**OITAVA.- DESIGNACIÓN DA PERSOA APROBADA.**

Rematado o proceso de selección o Tribunal calculará a cualificación final.

Na selección das prazas de auxiliar administrativo, traballador/a social e orientador laboral o empate na cualificación final resolverase en primeiro lugar atendendo ao resultado das respostas de reserva do exame tipo test, en segundo lugar tomaranse en consideración as respostas ás preguntas do exame tipo test formuladas eliminando ao candidato que cometa o primeiro fallo segundo a orde na que estean formuladas; en terceiro lugar, de persistir o empate mediante

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AP2ARRD6VDJX9KL4XP44SE3P | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 11



**Concello de Cangas**

sorteo.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes do resto das prazas, este desfarase mediante sorteo.

A continuación o Tribunal fará público o resultado do proceso e elevará a súa proposta de resolución á Alcaldía.

O Concello de Cangas, procederá á contratación laboral temporal dos/as candidatos/as que obtiveran a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas na convocatoria sempre que a súa puntuación final fose superior ao 50% do total posible, sen prexuízo de que as baixas e renuncias poidan ser cubertas por aqueles aspirantes que obtiveran unha puntuación final superior ao 50% do total posible que serían chamados por orde de puntuación.

Se rematado o proceso de selección algunha das prazas ofertadas non resultase cuberta por non acadar os aspirantes a puntuación mínima esixida para dar por aprobado o proceso, o Concello poderá solicitar sucesivas ampliacións da sondaxe á Oficina de Emprego para realizar cos aspirantes remitidos novos procesos de selección para cubrir a totalidade das prazas ofertadas rexéndose polas presentes bases. Se poderá proceder do mesmo xeito no suposto de que unha praza inicialmente cuberta quede vacante por baixa do titular e non exista listado de suplentes para a mesma se o Concello decide cubrila tendo en conta que sempre será como máximo polo tempo que reste ata o remate do contrato da persoa á que se substitúe.

#### **NOVENA.- PUBLICIDADE DAS BASES E DA CONVOCATORIA DESTAS.**

As presentes bases estarán expostas ao público, no Taboleiro de Anuncios do Concello, sede electrónica (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>) e na páxina web do Concello (<http://cangas.gal/>) dende o día seguinte á data da súa aprobación, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións.

De presentarse reclamacións ás bases a selección demorarase ata a resolución desta. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso algún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

#### **DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Cangas, onde as persoas aspirantes poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación e cancelación. Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto. Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no Boletín Oficial da

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AP2ARRD6VDJX9KL4XP44SE3P | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 11



**Concello de Cangas**

Provincia de Pontevedra e no taboleiro municipal (físico e electrónico), a efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

### **UNDÉCIMA.- CARÁCTER DAS BASES E INCIDENCIAS**

As presentes bases desta convocatoria vinculan á administración local convocante, ao Tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso. O Tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación durante o proceso selectivo, podendo adoptar os acordos necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

### **DÉCIMO SEGUNDA .- DISPOSICIÓN FINAL**

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ó previsto na devandita Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.”

**TERCEIRO:** Convocar o proceso selectivo mencionado e ordenar que se sigan tódolos trámites ata que se proceda ás contratacións e aprobación de listado previsto nas bases.

**CUARTO:** Que se proceda á publicación das bases de acordo co disposto nas mesmas.

**QUINTO:** Dar conta á Xunta de Goberno local na vindeira sesión.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AP2AR6D6WDJX9KL4XP44SE3P | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 11